



**Resolución do 26 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria dos XVIII Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023 dirixidos ao alumnado da especialidade Interpretación dos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia.**

O artigo 45 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, entre outras ensinanzas artísticas.

O artigo 3 do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía, na Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 3 do Decreto 171/2016, do 24 de novembro, no que se establecen novos itinerarios na especialidade de Interpretación, dispón que o perfil do/da titulado/a superior en Música corresponde ao/á dun/dunha profesional cualificado/a que acadou a madurez e a formación técnica e humanística necesarias para realizar de maneira plena a opción profesional máis adecuada ás súas capacidades e intereses, mediante o desenvolvemento de competencias comúns aos estudos de música e na correspondente especialidade; igualmente, entre as competencias transversais do/da titulado/a superior en Música, no seu anexo II, recóllense ás de "Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional" e "Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional".

O Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Fundación Paideia Galiza para a colaboración educativa nas ensinanzas profesionais de música e danza, e superiores de música, do 7 de xullo de 2023, establece as bases de colaboración entre esta fundación e a Xunta de Galicia para a promoción e posta en valor, nos ámbitos da música e da danza, de artistas dos conservatorios galegos que veñan de rematar os estudos profesionais de música e de danza, e superiores de música, nos conservatorios da



Comunidade Autónoma de Galicia. Os XVIII Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023 son promovidos pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e pola Fundación Paideia Galiza, titular dos Estudos Mans, que pretenden recoñecer o esforzo e pór en valor os méritos dos artistas noveis que veñan de rematar as ensinanzas artísticas superiores de música nos dous conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia servindo, asemade, como proxección destes artistas, recollendo o seu traballo coa gravación e promoción dun traballo discográfico.

En consecuencia, esta Dirección Xeral, RESOLVE:

### **Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.**

Esta resolución ten por obxecto convocar un primeiro premio á excelencia musical Mans Futuro 2023, así como dúas mencións de honra, para o alumnado dos dous conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia que cursou a especialidade de Interpretación.

### **Segundo. Contido dos premios.**

O primeiro premio á excelencia musical Mans Futuro 2023 consistirá no dereito á gravación discográfica, mestura, edición e masterización dun repertorio de 45 minutos, xa sexa como solista ou cun máximo de dous acompañantes, en sistema de gravación a disco duro en HD 3 de Pro Tools. Ademais terá dereito a gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de 3 minutos.

As dúas mencións de honra dos Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023 consistirán no dereito a gravación dunha maqueta dun repertorio de 25 minutos, e a gravación dun vídeo en falso directo cunha duración máxima de tres (3) minutos.





As gravacións realizaranse nos Estudos Mans da Coruña segundo a dispoñibilidade do estudo e os vídeos gravaranse na mesma xornada na que se realicen as gravacións do repertorio. Estas gravacións deberán realizarse no prazo de tres meses contados a partir da data de publicación da concesión dos premios. Este prazo poderá verse ampliado segundo a dispoñibilidade do estudio de gravación ou por causas de forza maior que impidan que o proxecto se leve a cabo no prazo sinalado.

Para o caso da persoa gañadora do primeiro premio á excelencia musical Mans Futuro 2023, que inclúe a gravación dun traballo discográfico, a Fundación Paideia Galiza tramitará a documentación administrativa necesaria e esixida pola lexislación da propiedade intelectual: o depósito legal e a xestión de comunicación á SGAE, sendo as tarifas correspondentes, de ser o caso, a cargo da persoa premiada.

O repertorio que integre o programa será proposto polo/a intérprete aspirante, tendo en conta que, no caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de tarifas en razón de propiedade intelectual correrán a cargo do/da beneficiario/a do premio.

As gravacións terán lugar nunha sesión de entre tres e seis horas de duración, en horario de mañá ou de tarde. Na gravación poderán estar dous acompañantes do premiado como máximo.

### **Terceiro. Requisitos.**

1. Poderá concorrer o alumnado dos conservatorios superiores de música de Galicia dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
2. Ter acadado a cualificación de sobresaliente ou matrícula de honra no traballo fin de estudos na especialidade de interpretación, segundo o establecido nos plans de estudos dos citados Decreto 163/2015, do 29 de outubro e Decreto 171/2016, do 24 de novembro no ano académico 2022/2023 ou no ano anterior.
3. Ter superado o traballo fin de estudos no ano académico anterior ao da convocatoria dos premios ou no mesmo ano académico desta.
4. Non ter participado en edicións anteriores destes premios co mesmo instrumento.





#### **Cuarto. Prazo de inscrición.**

Para participar nesta convocatoria o alumnado deberá cumprimentar o formulario de inscrición segundo o anexo desta resolución, que deberá presentar na secretaría do conservatorio superior de música no que cursase as ensinanzas artísticas superiores de música. O prazo de inscrición estará aberto do 1 ao 21 de setembro de 2023, ambos os dous días incluídos.

#### **Quinto. Obrigas dos conservatorios superiores de música.**

As secretarías dos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia rexistrarán a documentación das persoas que se inscriban durante o prazo establecido, e remitirán á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas:

1. A documentación correspondente ás persoas inscritas durante o prazo establecido na presente resolución.
2. Certificación académica de cada unha das persoas inscritas.

#### **Sexto. Proba de instrumento ou canto.**

As persoas inscritas que cumpran os requisitos deberán realizar unha proba de instrumento, ou de canto, segundo corresponda, que terá lugar nos Estudos Mans da Coruña no mes de novembro de 2023. Na última semana do mes de setembro de 2023 comunicaráselle mediante correo electrónico a data e horario desta proba ás persoas inscritas que cumpran os requisitos.

A proba de instrumento ou de canto ante o tribunal de selección consistirá na execución dun programa de concerto, integrado por obras libremente elixidas polo/a aspirante. O repertorio deberá estar formado por tres pezas (obras ou fragmentos da obra) de diferentes estilos, dunha dificultade acorde co nivel destas ensinanzas e cunha duración máxima de 30 minutos entre as tres pezas (non se admitirán duracións superiores aos 30 minutos entre as tres pezas). O alumnado unicamente se poderá





presentar como candidato de xeito individual realizando a interpretación como solista, con acompañamento da agrupación que precise, se é o caso. No caso de tratarse de obras que non sexan de dominio público, os posibles custos derivados do aboamento de dereitos de autor ou calquera outro que poida derivarse correrán pola súa conta.

Para a execución deste programa, o/a aspirante poderá contar coa colaboración doutros/as intérpretes. En todo caso, correrá por conta dos/as participantes dita colaboración.

Os criterios de valoración serán os seguintes: nivel e dominio técnico, calidade e madurez artística, capacidade comunicativa e significatividade do repertorio presentado. A cualificación da proba establecerá a orde de adxudicación dos premios. O tribunal cualificador recollerá nunha acta a listaxe de persoas ordenadas por cualificación, así como a adxudicación dos premios.

### **Sétimo. Tribunal cualificador.**

1. Para a concesión dos premios, valoración das solicitudes e do repertorio interpretado, constituirase un tribunal de selección que estará integrado por:

a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a.

b) Vogais: tres vogais que serán especialistas no ámbito da música, designados pola Dirección Xeral de Formación Profesional.

c) Unha persoa asesora de ensinanza artística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretaria do tribunal.

2. Poderá así mesmo constituírse un tribunal previo de selección das persoas aspirantes, no suposto de que o número de persoas participantes xustifique esta decisión. En todo caso, a composición deste tribunal realizarase de acordo ao establecido no punto anterior.

3. O tribunal terá atribuídas as competencias para o outorgamento dos premios, sendo a súa decisión inapelable.

4. O tribunal cualificador poderá declarar deserto algún dos premios.





As deliberacións do tribunal cualificador serán secretas e deberán redactarse nunha acta, subscriba polo/a secretario/a co visto e prace do/a presidente/a e dos demais membros do tribunal.

### **Oitavo. Adxudicación dos XVIII Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023.**

A adxudicación dos XVIII Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023 será publicada antes do 31 de decembro de 2023 no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nas páxinas web da Fundación Paideia Galiza [www.paideia.es](http://www.paideia.es) e [www.estudiosmans.com](http://www.estudiosmans.com).

Será condición necesaria para a obtención dos premios que as persoas premiadas acepten expresamente a recepción do premio en resposta ao correo electrónico que se remita ao efecto.

Se calquera das persoas premiadas desistise do premio ou da gravación correspondente, os premios outorgaranse conservando a prelación establecida polo tribunal cualificador.

### **Noveno. Datos de carácter persoal.**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse





no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández





## Anexo

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Inscripción. XVIII Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023.	Ensinanzas artísticas superiores de música	SOLICITUDE

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF/NIE/Pasaporte:
ENDEREZO:			
CP:	PROVINCIA:	CONCELLO:	LOCALIDADE:
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
DATA NACEMENTO		NACIONALIDADE	
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA:			
<input type="checkbox"/> Conservatorio Superior de Música da Coruña		<input type="checkbox"/> Conservatorio Superior de Música de Vigo	

<b>PROGRAMA DE CONCERTO. DURACIÓN MÁXIMA DE 30 MINUTOS.</b>	
OBRA	COMPOSITOR/A

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	DNI/Pasaporte:

<b>EXPÓN:</b>
- Que cumpre cos requisitos establecidos na Resolución do 26 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional.
- Solicito participar na convocatoria que se fixo pública pola Resolución do 26 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional.







<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
<b>Responsable do tratamento</b>	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
<b>Finalidades do tratamento</b>	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
<b>Lexitimación para o tratamento</b>	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
<b>Persoas destinatarias dos datos</b>	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha
<b>Exercicio de dereitos</b>	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento
<b>Contacto delegado de protección de datos e mais información</b>	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b>	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 26 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a convocatoria dos XVIII Premios á excelencia musical Mans Futuro 2023 dirixidos ao alumnado da especialidade Interpretación dos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia.

Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Fundación Paideia Galiza para a colaboración educativa nas ensinanzas profesionais de música e danza, e superiores de música, do 7 de xullo de 2023.

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data ..... de setembro de 2023

#### OBSERVACIÓNS:

Deberase presentar este formulario correctamente cuberto e asinado na secretaría do conservatorio superior de música no que cursase as ensinanzas artísticas superiores de música.

